



Nos casos de ausencia ao traballo por motivo do exercicio do dereito de folga, os centros educativos veñen comunicando esta incidencia á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta efectúa o trámite de audiencia previo á dedución de retribucións prevista no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 71 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.



Parece prudente simplificar este trámite establecendo que sexan as propias direccións dos centros educativos as que efectúen o trámite de audiencia e remitan á Delegación Provincial a comunicación do profesorado que estivo en folga acompañada das alegacións da interesada ou interesado ou, se é o caso, coa inexistencia de alegacións.

En consecuencia, esta SECRETARIA XERAL resolve dictar a seguinte orde de servizo:

Primeiro.- No prazo dos cinco días seguintes ao exercicio do dereito de folga polas funcionarias e funcionarios docentes, as direccións dos centros docentes efectuarán o trámite de audiencia aos interesados co documento que se achega como anexo I. Se a folga fose un determinado número de horas ao día en lugar do día completo, utilizarase o anexo II.

Segundo.- Transcorrido o prazo de alegacións dos interesados, as direccións dos centros docentes remitirán á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a información do día ou días nos que a profesora ou profesor estivo en folga, xunto co documento anexo I e as alegacións formuladas pola interesada ou interesado, ou, se é o caso, documento anexo III no que se certifica que non se formularon alegacións.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2008

SECRETARIO XERAL

Asdo: Benito Fernández Rodríguez


ANEXO I

Comunícolle que, de conformidade co previsto no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 71 da Lei 4(1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, debido á ausencia no seu posto de traballo o/os día/s da folga abaixo indicados, no caso de non xustificar a devandita ausencia nun prazo de dez días a partires da súa recepción, a Delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a descontarlle nas súas retribucións a parte correspondente ao/aos devandito/s día/s.

Día/s:

.....dode.....

A DIRECCIÓN

Recibín:

Data:

Asdo:

Asdo:

Sr/Sra. Don/a.....

ANEXO II

Comunícolle que, de conformidade co previsto no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 71 da Lei 4(1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, debido á ausencia no seu posto de traballo durantehoras do/os día/s da folga abaixo indicados, no caso de non xustificar a devandita ausencia nun prazo de dez días a partires da súa recepción, a Delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a descontarlle nas súas retribucións a parte correspondente ao/aos devandito/s día/s.

Día/s:

.....dode.....

A DIRECCIÓN

Recibín:

Data:

Asdo:

Asdo:

Sr/Sra. Don/a.....

ANEXO III

Comunícolle que a/o funcionaria/o docente dona/don....., con DNI..... non fixo, dentro do prazo establecido, ningunha alegación á ausencia ao seu posto de traballo que lle foi notificada polo exercicio do dereito de folga o/os día/s.....do mes de.....do ano.....,

.....,dede

A DIRECCIÓN DO CENTRO

Asdo:

SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA PROVINCIA